



**EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 13 de febreiro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA
DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13 de febreiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06/02/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/609

Dáse conta do informe da Xefa da Policía Local en relación coas modificacións de tráfico na praza da Estación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o cambio de estacionamento de batería a liña na zona indicada no informe por afectar a un número reducido de estacionamento.

PRP2017/611

Dáse conta do escrito do Concello de Vilanova en relación ó peche da estrada que une o lugar de Carballo-Baión co hospital do Salnés, para que, coa máxima urxencia se leven a cabo as actuacións e medidas correctoras necesarias para que a dita estrada poida volver a ser usada polos veciños. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que o concello de Vilagarcía de Arousa púxose en contacto cos titulares da estrada (Ministerio de Fomento) indicando que se encargaría ese organismo de realizar as obras de aseguramento do talud. Dar traslado do acordo ó concello de Vilanova de Arousa e ó Ministerio de Fomento (Xefatura territorial).

PRP2017/644

Dáse conta do informe do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento en relación cos danos do temporal dos días 3 e 4 de febreiro, na zona do Sixto e Cornazo comunicando a existencia de mais de 70 equipos queimados e en Outeiro (Cornazo) caeu unha árbore dun particular encima dun poste eléctrico. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a compra do material para a reparación de ditos danos, debendo presentar previamente propostas de gastos e orzamentos.



PRP2017/645

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **GASOCENTRO CALDAS, S.L.** para o subministro de 1.000 litros de gasóleo C para a calefacción do EEI Vagalume, por un importe total de 690,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/652

Vista a proposta do Presidente da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, que a continuación se relaciona, conforme ás bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLO) 2017”, publicadas no BOP, o día 30-12-2016, con cargo á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes para o Proxecto e, solicitude de subvención por importe de 6.000,00€:

-Gasto corrente novo: enerxía eléctrica das instalacións deportivas municipais, cun orzamento total de 15.000,00€.

PRP2017/655

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para o subministro de roupa de traballo o operario Conductor-Padexeiro, por un importe total de 223,64€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2016/5933

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a renovación do soporte e mantemento dunha licenza do programa Memorias 3 para o ano 2017, ao **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**, por un importe total de 60,5 € (IVE incluído), con cargo á partida 150-22706.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

PRP2016/5939

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Imatia Innovation, S.L.** para soporte e mantemento da aplicación informática Civas e Civas Inventario, que inclúe 30 horas de asistencia técnica para o ano 2017, por un importe total de 8.058,6€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

PRP2016/5950

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Hibu Connect S.A.U.**, para publicación do número de cabeceira do



Concello de Vilagarcía de Arousa na guía telefónica mediante tres canais (soporte papel, vía telefónica e publicación web), por un importe total de 335,89€ (IVE incluído), con cargo á partida 926-22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/700

Vista a proposta da Encargada do Servizo de parques e Xardíns para talar unha árbore en mal estado na praza de España e plantar outro exemplar igual. A Xunta de Goberno Local acorda dar a súa conformidade á citada proposta.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/629

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a apertura do prazo de admisión de solicitudes da Escola Infantil Municipal para o curso 2017-2018:

- Prazo para renovación: Do 1 ao 13 de marzo.
- Prazo para solicitudes de novo ingreso: Do 14 ao 31 de marzo.

PRP2017/630

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PLAGAL (Control de Plagas, S.L.U.)** de tratamentos para control de termitas no Departamento de Servizos Sociais, por importe de 1.875,5€ con cargo á partida 311-22709.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Emprego

PRP2017/702

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 30 de decembro de 2016, das bases reguladoras para a concesión de axudas e subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e servizos municipais 2017, destinadas a financiar a prestación de servizos mínimos de competencia municipal mediante a contratación de persoas desempregadas.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención, por un importe total de 314.331,47€ (cunha aportación municipal de 25.823,17€) para a contratación de 34 traballadores a tempo completo, cunha xornada de traballo de 37,5 horas semanais e por un período de oito meses ao abeiro da citada convocatoria.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/634

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-



usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán).

PRP2017/650

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP nº 249 do 30 de decembro de 2016) enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes; gasto corrente, **por un importe de 18.181,00 €** (nóminas traballadores do Conservatorio).

PRP2017/651

Vista a proposta do Director da Escola de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para afrontar o Gasto Corrente Novo: Limpeza da Escola Municipal de Música por un importe de 9.500,00 €, perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP nº 249 do 30 de decembro de 2016) e dentro da **Liña 2**: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/642

Dáse conta de Resolución da Axencia Turismo de Galicia, do 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

· Solicitar subvención para reforzar o servizo do 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2016, coa contratación dunha persoa, co seguinte custe económico:

Salario base	Complemento	Rateo paga extra	Indemnización por cese	Total retribucións	Base cotización	Seg.social empresa	Custe total	Custe total 3 meses	Subvención solicitada
727,23	240,00	144,76	34,93	1.146,92	1.111,99	356,95	1.503,87	4.511,61	4.511,61

PRP2017/643

Dáse conta da resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Visto o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico de Galicia á "Festa da Ameixa de Carril". A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude dunha subvención por importe dos 3.000,00€ euros para a compra de ameixa que vai ser servida na festa da ameixa de Carril de 2017.

Así mesmo acórdase aprobar a sinatura dun Convenio que a Axencia Turismo de Galicia asinou con Abanca para o apoio e a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico



na comunidade Autónoma de Galicia, achegando Abanca para a promoción desta festa un importe de 1.500,00€.

Facer constar que o Concello financiará a parte dos custos non subvencionada ao abeiro desta convocatoria ata o importe total do gasto, que se estima en 9.500,00 €.

Medio Ambiente

PRP2017/649

Dáse conta da publicación no DOG de 20 de xaneiro de 2017, da Orde do 30 de decembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de concorrencia non competitiva para a adquisición dun vehículo para o servizo medioambiente deste Concello, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

Segundo os orzamentos solicitados a varios concesionarios de vehículos este pode suponer un custo aproximado de 26.000,00€, polo que sendo o importe da subvención de 13.010,16€, o Concello tería que asumir a diferenza que podía suponer a cantidade aproximada de 12.989,84€ en función do que resulte do procedemento de licitación. (partida 170-214).

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/636

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a actuación do Grupo Musical *Alex Casanova*, a cargo da Compañía **New Live Promociones Culturales, S.L.**, a celebrar o día 12 de marzo no Salón García, dentro do ciclo "Achégate ó salón", cun prezo de entradas de 6 € para adultos e de 3 € para menores de 16 anos, sendo a recadación da venda de entradas para o Concello. O gasto ascende a un importe total de 726,00€ (IVE engadido), en concepto de caché, con cargo á partida 334.22609, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación, de conformidade coa cláusulas Duodécima do contrato.

Este concerto será de carácter gratuíto para todo o público, ata completar aforo.

PRP2017/639

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **ALUJAN GALICIA, S.L.** para a reparación de distintos desperfectos no Auditorio, por un importe total de 225,06€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/635

No marco das accións cofinanciadas polo Feder do Concello de Vilagarcía de Arousa, para o desenvolvemento da Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza", a Xunta de Goberno Local acorda a



designación dos membros que formarán parte da comisión de seguimento de medidas anti-fraude fondos FEDER 2014-2020 con efectos do 07-02-2017.

Asimismo dase conta da realización da autoevaluación de risco de fraude do Concello de Vilagarcía de Arousa, dada a dobre condición de beneficiario e Organismo Intermedio Lixeiro, conforme ao acordo de atribucións de funcións de 16/12/2016.

A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación a citada autoevaluación do risco de fraude.

PRP2017/703

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma del licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), para adxudicar mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentación simplificada, o Servizo de Limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 1.827.565,92 € (IVE engadido), para unha duración do contrato de 2 anos, prorrogable por outro máis.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes empresas:

Licitador	Data de presentación	Hora de presentación
Clece, S.A.	08/08/2016	10:31:29
Claro Sol Cleaning, S.L.U.	08/08/2016	11:42:48
Brócoli, S.L.	08/08/2016	12:45:42
Acciona facility Services, S.A.	08/08/2016	13:17:22
Althenia, S.L.	08/08/2016	13:23:05
Eulen, S.A.	08/08/2016	13:27:14
Valoriza Facilities, S.A.U.	08/08/2016	13:40:36

A empresa VALORIZA FACILITIES, S.A.U foi excluída da licitación ó presentar a súa oferta fora do prazo límite establecido na licitación, que finalizaba o 8 de agosto de 2016 ás 13.30 horas.

A valoración das propostas técnicas e demais documentación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor é a seguinte:

EMPRESAS	PROPOSTA TÉCNICA (MEDOTOLOXÍA E OUTROS)	PLAN CONCILIACION	PLAN DE FORMACIÓN	TOTAL
CLECE	9,8	5	5	19,8
CLARO SOL	9,2	5	5	19,2
EULEN	7,2	5	5	17,2
ACCIONA	6,1	5	5	16,1
BRÓCOLI	4,9	5	5	14,9

A oferta da empresa ALTHENIA, S.L. non foi valorada, sendo excluída da licitación a citada empresa, por canto non presentou proposta técnica, o cal é un documento de presentación obrigatoria de acordo co disposto pola cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares en relación co Anexo V do citado prego.

A oferta económica presentada polas empresas admitidas a licitación é a seguinte:

Licitador	Oferta económica (IVE excluído)
Clece	1.450.548,00 €
Claro Sol	1.480.177,35 €
Brócoli	1.508.836,00 €
Acciona	1.481.906,64 €
Eulen	1.499.367,15 €

A Mesa de contratación, na súa sesión do 26 de xaneiro de 2017 acordou, unha vez estudada a documentación achegada polas empresas e visto o informe técnico incorporado ao expediente, admitir a xustificación de viabilidade das ofertas económicas presentas polas empresas Clece, S.A., Claro Sol Cleaning, S.L.U. e Acciona Facilities Services, S.A.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación establecidos nos pregos que rexen a licitación a clasificación das ofertas, por orden decrecente é a seguinte:



EMPRESAS	Puntos sobre 2	Puntos sobre 3	Total puntos
CLECE	19,80	70	89,80
CLARO SOL	19,20	55,14	74,34
ACCIONA	16,10	54,28	70,38
EULEN	17,20	45,52	62,72
BRÓCOLI	14,90	40,78	55,68

A Mesa de contratación, na citada sesión do 26 de xaneiro de 2017, acordou propoñer a adxudicación do contrato de servizos denominado “ LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” á empresa CLECE,S.A., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, polo prezo de 1.450.548,00 € (sen IVE), ó que corresponde un IVE de 304.615,08 €, o que totaliza 1.755.163,08 € (con IVE), para unha duración do contrato de dous anos, de conformidade coa súa oferta. O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras sen custe para o Concello:

- Bolsa de 600 horas anuais de servizo de limpeza a disposición do Concello.
- Compromiso de aplicación ós traballadores/as que realicen a prestación do servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, e durante toda a vixencia do contrato, do Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais para a provincia de Pontevedra vixente (BOP de Pontevedra nº 198, de data 14 de outubro de 2015), ou o texto que o substitúa.
- Plan de conciliación da vida laboral, persoal e familiar do persoal que realice a prestación do servizo obxecto do contrato e compromiso de aplicación do mesmo.
- Plan de formación do persoal que realice a prestación do servizo obxecto do contrato e compromiso de aplicación do mesmo.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Limpeza de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa”, á empresa Clece, S.A. (A80364243), por importe de 1.450.548,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 304.615,08€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 1.755.163,08€; que inclúe as seguintes melloras sen custe para o Concello:

- Bolsa de 600 horas anuais de servizo de limpeza a disposición do Concello.
- Compromiso de aplicación ós traballadores/as que realicen a prestación do servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, e durante toda a vixencia do contrato, do Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais para a provincia de Pontevedra vixente (BOP de Pontevedra nº 198, de data 14 de outubro de 2015), ou o texto que o substitúa.
- Plan de conciliación da vida laboral, persoal e familiar do persoal que realice a prestación do servizo obxecto do contrato e compromiso de aplicación do mesmo.
- Plan de formación do persoal que realice a prestación do servizo obxecto do contrato e compromiso de aplicación do mesmo.

2.- De conformidade co establecido na cláusula 14, parágrafo 4 do PCAP que rexen a licitación, e o tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinale a Administración contratante, non antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. Visto que o contrato se atopa prorrogado ata o 28 de febreiro de 2017 e computando os prazos citados, non é posible a súa formalización antes de dita data, propónse a Xunta de Goberno Local a prórroga do contrato de **Limpeza de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa**”, actualmente vixente ata o 31 de marzo de 2017 ou ata a data de formalización do novo contrato, se esta fose anterior.



ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/726

Dáse conta do informe da Intervención Municipal, en relación coa xestión e recadación do recargo provincial sobre o I.A.E. durante o exercicio de 2016, no que se indica que os dereitos liquidados e recadados, correspondentes ó exercicio foron os seguintes:

CONCEPTOS	IMPORTE TOTAL
Total cota municipal	602.743,83 €
Total cota municipal ponderada	359.947,74 €
Total recargo devengado	108.284,32 €
Total recargo recadado	99.790,71 €
Total pendente de recadación	8.493,61 €

Dáse conta das cantidades recadadas correspondentes a exercicios anteriores e pendentes de ingreso na Tesourería Provincial, coa seguinte desagregación:

Recargo Provincial 2015	1.003,59 €
Recargo Provincial 2014	486,00 €
Recargo Provincial 2013	0,00 €
Recargo Provincial 2012	195,36 €
Recargo Provincial de anos anteriores	999,77 €
TOTAL	2.684,72 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obrigaón a favor da **Excma. Deputación Provincial**, por importe total de 102.053,63€

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.